

unha historia de
Vimianzo





unha historia de
vimianzo

Ilustracións
Rubén Rial

Textos
Manuel Rial

PRÓLOGO

por Manuel Antelo Pazos, alcalde de Vimianzo



Somos un concello con historia, e con moitas historias que contar. Somos un vello territorio que levamos habitándoo hai máis de 6.000 anos, tal e como nos mostran as pegadas dos nosos ancestros, e que vas descubrir neste pequeno tesouro que tes nas túas mans. Somos un pobo que fomos evolucionando coas dinámicas propias, e as alleas que nos chegaron por mar e terra; unhas veces como amizades e outras como invasións. Fomos Vimiantum na Alta Idade Media, cando xurdiu o noso idioma do latín vulgar que nos deixaron os romanos que nos invadiron e os que ficaron connosco. Máis tarde fomos Vimianço, na Baixa Idade Media, cando vivíamos a nosa vida e a nosa Terra gobernados por nós mesmos. Coa

incorporación de Galiza á coroa de Castela e Aragón pasamos a ser Vimianzo ata a actualidade, aínda que nós sigamos dicindo o noso nome cos sons que utilizabamos na época medieval, Vimianso.

En fin, que por primeira vez temos a oportunidade de ler e coñecer un resumo de feitos históricos que configuran unha liña do tempo do noso concello. Este libro é unha introducción, unha aproximación. Queda moito que facer, que esperamos que sexa acollido por aquelas persoas que fomos quen de estimular con esta magnífica obra que temos nas nosas mans.

Este libro é para gozalo e vivilo, para lelo con ilusión e cariño polos homes e mulleres, de todas as idades, de Vimianzo, e tamén de outros sitios que nos queiran coñecer un pouquiño máis.

Parabéns ao autor, que con tan bo traballo nos agasalla.

Estamos orgullosos e orgullosas de Vimianzo. Orgullosos e orgullosas do noso.

© da edición: Concello de Vimianzo, 2018
Praza do Concello, 6
15129 Vimianzo (A Coruña)
www.vimianzo.gal

Ilustracións: Rubén Rial Santos (cankente.tumblr.com)
Textos: Manuel Rial Santos

Todos os dereitos reservados. Non está permitida a reprodución total ou parcial de ningunha parte desta obra sen a autorización dos titulares do copyright.



Podía ser outra historia, podían ser outras as persoas protagonistas. Sempre se conta o paso do tempo con batallas, conquistas, reis e raíñas. E que pasa con quen non naceron nun palacio? Non fan parte da Historia? Este é un conto diferente. Primeiro, porque as mulleres e homes que saen nel son ricos e pobres, poderosas e sen poder. E segundo, porque o que vas ler nestas páxinas pasou de verdade. E ademais, na mesma terra que pisas, o que hoxe chamamos o **concello de Vimianzo**.

Non hai follas abondas como para contar todas as historias que poderíamos incluír neste libro. A viaxe será rápida, un voo a través dos séculos polas nosas parroquias vimiancesas.

Non se oe nada. O vento move as árbores e asubía entre as rochas. Ao lonxe, escóitase o mar ruxir. Ninguén. Os humanos aínda non chegaran a estas terras. Aínda así, había un lugar que xa estaba habitado por coellos, osos, aguias, dinosauros, xigantes, pallasos, cantantes e naves espaciais. O conto é certo, non é un soño. O lugar existe. Chámanse os Penedos de Pasarela. Non son pedras normais, son un monumento natural, unha Paisaxe Protexida. Paseando entre as súas rochas podemos ver e sentir todo o que a nosa imaxinación nos deixe.





Negro, escuridade. Unhas luces vanse achegando por un corredor entre cantos e choros. Parece unha cova, pero non o é. É un cemiterio! Un lugar sagrado! Parece que están despedindo para sempre a un dos seus seres queridos. Estamos dentro da anta de **Pedra Cuberta**, en **Treos**.

Para a viaxe ao mundo dos mortos, ao Alén, prepáranlle todo o necesario: potes de cerámica con alimentos, armas e lanzas, e incluso os deixan ir coas súas mellores xoias feitas de fermosas pedras de cores. Hai seis mil anos que os seres humanos comezaron a construír os nosos primeiros monumentos: as mámoas e dolmens.

Unha cabra chama polo seu fillo. Os pastores levan o gando ao monte e paran a ver os misteriosos círculos gravados nas pedras do Outeiro do Recosto, en Boallo (Berdoias).

É unha pena que non entendamos a lingua que están a explicar o que significan eses petróglifos. Non sabían escribir, polo tanto ninguén nos pode contar xa para que e por que se gravaron nas rochas círculos, coviñas, espirais ou mesmo cervos e cazadores. O mesmo pasa coas pinturas que vimos en Pedra Cuberta: liñas que contan historias pero que aínda hai que descifrar.





Ábrese a porta da muralla e entra un guerreiro co seu cabalo. Volve á casa. Xa o viran chegar ao lonxe, desde o alto deste castro do Sino (Castrelo). Os montes e o río que rodean a aldea están ben vixiados.

Dentro das murallas a vida transcorre tranquila. Hoxe é un bo día para apañar as colleitas, rexoubar, prender o lume do lar e, tamén, para xogar.

Hai dous mil anos as casas galaicas eran circulares, até que chegan os romanos que, ademais das casas cadradas, traen unha nova cultura con moitas mudanzas. Unha das máis grandes: a lingua, o latín que se irá transformando pouco a pouco no galego.

Outra das modas que traerán os romanos é o cristianismo, unha nova relixión que se vai difundindo entre as persoas ricas. Así chega a Tines, onde houbo unha vila romana. Alí, xente poderosa tiña grandes terras que traballaban escravos e campesiños. Parece que hoxe hai un enterro. Choran a Victorinus, un home que descansa "en paz". Isto quere dicir que era cristián. A pesar de que se continúa rezando aos deuses galaicos e romanos durante bastante tempo, o emperador Teodosio vai prohibir pouco despois, no ano 392, todas as relixións que non fosen o cristianismo.





C

ase non sabemos nada do que pasou nos seguintes centos de anos, nos que a xente comezou a ter medo a vivir na costa. O mar era un perigo. Os piratas normandos e almorábides queimaban aldeas, roubaban e acababan con quen se poñía no seu camiño. A xente refuxiábase en fortificacións, no alto dos montes e onde podían. Conta a Historia Compostelá que en 1115 os ataques ás nosas terras foran moi duros. Foise recuperando a riqueza das igrexas roubadas, como puido ser a de *Serramo*, onde se conserva a cruz parroquial máis antiga de Galicia, presente de Ordoño, abade de Moraime.

A vila está revolucionada. Todos queren ver ao rei Afonso VIII de Galicia e León, que está de visita na nova póboa de Cereixo. Por orde súa o lugar fora reconstruído, xa que lle interesaba ter baixo o seu poder o porto máis abrigado da ría de Camariñas. Na súa estadía en Cereixo, os relixiosos logo lle habían de explicar a importancia que para eles tiña a lenda da Translatio. Dicían que nunha barca de pedra chegara o corpo de Santiago, acompañado polos seus seguidores, desde Palestina a Galicia; a Compostela. A lenda está esculpida sobre unha das súas portas.





Lume! Abaixo as fortalezas! Os berros dos campeciños toman o val de **Vimianzo**. O castelo está sendo atacado polas propias veciñas e veciños! Os irmandiños están fartos de teren que pagar tantos impostos. Non queren que se sigan aproveitando deles os poderosos nobres que gobernan desde a fortaleza. Queiman o seu símbolo: a cabeza de lobo dos Moscoso de Altamira. Pouco tempo vai durar a alegría para as irmandades. En 1469 os nobres volverán, e os Moscoso seguirán gobernando desde Vimianzo gran parte da Terra de Soneira.

Daquela eran poucos os que tiñan terras de seu. Os campesiños traballaban as leiras dos poderosos, fosen os nobres ou tamén a Igrexa. A cambio, tiñan que pagar. A parroquia de Baíñas tiña un pequeno mosteiro onde se recibían estas rendas. Non en diñeiro, senón cos seus animais e colleitas. Atención, que esa galiña parece que quere escapar do pote dos monxes! Os relixiosos visten de cor negra, son beneditinos. Hai dous deles berrando e discutindo. Vanlles cambiar o xefe, agora Baíñas vai depender de San Martiño Pinario, en Compostela. O seu mosteiro irá desaparecendo pouco a pouco.





Quen tivo que pagar tamén durante moito tempo, foi a veciñanza de Berdoias. Mesmo vivían até non hai moitos anos en casas que non eran súas! A familia fidalga Lema era a propietaria das terras. O máis coñecido deles foi Alonso, que en 1607 mudouse para unha nova casa. E non deixou de construír, xa que mandou facer unha nova igrexa parroquial no lugar, abandonando a que había en Grixoa. Unha veciña berra contra o fidalgo, e Alonso saca a cabeza fóra a ver que pasa. Había que ter coidado, porque el era o vixía da Inquisición na nosa terra.

Franceses e ingleses loitan na nosa terra conquistada. É un tempo de grandes cambios de ideas, de revolución ou de seguir coma sempre. A invasión de Napoleón trae consigo as ideas da igualdade, liberdade e fraternidade. Para loitar contra os franceses vanse organizando pequenos grupos de guerrilleiros que conseguirán pouco a pouco botar ao gran exército francés.

En Paizás, Cambeda, hai montado un cuartel para reclutar xente. Pero cando toca actuar, van chegar tarde ao ataque. Corcubión, Cee e outras vilas da zona son saqueadas e incendiadas.





Como arrecende! É un magnífico día de verán e de festa en Carnés!

A Faguía celébrase desde hai catrocentos anos na véspera do San Cristovo. Daquela non se comían callos, era un gran festín no que só podían entrar algunhas persoas. Había unha confradía que se encargaba de recoller diñeiro durante todo o ano. Se non colaborabas, non podías ir á festa.

Chegou un momento no que había tanta xente na Faguía que para que non se aproveitase quen non pagaba fixeron unha cerca. Eses dous que están na porta van ter que quedar fóra, porque non están na listaxe!

Bum! Bum! Vaia susto!
Que ruído fan as manlles
dos batáns!

Para que serven eses
grandes mazos de madeira?
Para bater nas mantas de
lá. Unha vez feitas, hainas
que mallar para que sexan
moi resistentes e nos tapen
ben do frío na cama.


No **Mosquetín**, en **Salto**,
dúas familias vivían de
facer este traballo e de
moer millo e trigo para
facer fariña nos muíños. A
auga do río é unha enerxía
limpa. Desvíase por unha
canle, move os rodicios e
devólvese para que siga o
seu camiño.





Perfecto despídese da familia na súa casa da Valiña, en Vimianzo. Con só 18 anos embarca en Ferrol cara á Argentina. Naceu nunha familia pobre, pero co seu traballo nunha empresa de automóbiles irá gañando máis e máis, até ser un dos empresarios máis importantes do país. Era un defensor de Galicia, axudaba a asociacións políticas e culturais, e incluso ao propio Castelao cando tivo que fuxir da ditadura. Perfecto, ou "o Tato" como lle chamaban, foi quen lle levou terra galega a Castelao para poñer no seu cadaleito. Como el, con máis ou menos éxito, moita xente de Vimianzo emigrou antes a América e despois a outros países da Europa.

Medo, silencio, persecucións. O 1936 foi un dos anos máis tristes da nosa historia. O militar Franco acabou coa democracia republicana para impoñer unha ditadura que durou corenta anos. En Vimianzo as forzas franquistas perseguen a varias persoas que defendían a República. Foron asasinados o secretario municipal e o irmán do alcalde, e un concelleiro de Pasarela morre agochado. Agora búscano a el, ao último alcalde republicano, José Alborés, o "Cordas". A veciñanza axúdalle, dalle refuxio e comida. Librarase da morte, pero a cambio de moitos anos agochado e trala tortura e represión que sufriron a súa familia e amigos.






Son tempos de fame, trala Guerra Civil. A vida era moi dura nas casas vimiancesas. Traballábase de sol a sol no campo, nos montes, cos animais... Compensábase o traballo con días de festa e de reunión, como eran as feiras, a de Bañas, a de Vimianzo ou a tan famosa de Baio, feita na **Piroga**, en **Bamiro**. A panadeira vende moletes baixo o seu cuberto, os oleiros as súas pezas de cerámica. Véndense verduras, patacas, zocos, queixos... Tamén animais, porcos, galiñas, becerros... Soa o violín do cego que conta historias. A feira é unha auténtica festa!

“**V**es? Por aí segue o camiño para Baíñas. As nosas leiras quedaron somerxidas”.

O Orbellido pasou de ver xente camiño da feira a quedar case como unha illa rodeada pola auga. A gran inundación que provocou a construción do Encoro da Fervenza fixo que moitas persoas tivesen que marchar das súas aldeas para outros sitios ou para a cidade.

Contan que perto do Orbellido, no lugar abandonado de Vilarrandío, un veciño negouse a marchar da súa casa até que a auga lle chegou á cociña.






Como se transformou a paisaxe de Vimianzo en tan pouco tempo!

A produción de electricidade coa forza da auga, como a central de **Carantoña**, ou coa do vento nos parques eólicos xeran grandes impactos. Pero o máis forte vai ser o cambio nos montes e agros. Chega un novo habitante que se multiplica por todas partes: o eucalipto. Abandónase o uso tradicional dos montes para seren enormes plantacións forestais. As leiras tamén se concentran en cadrados máis grandes, con explotacións de vacas que se contan por dúcias. A xente deixa as aldeas para vivir en casas novas pegadas ás estradas e constrúese onde nunca antes se fixera.

A clase hoxe trasladouse ao **castro das Barreiras**, en **Ogas**. Que ben se pasa aprendendo fóra da escola por un día! Subir ás murallas, soñar coas casas redondas dos galaicos, baixar ao profundo foso e imaxinar o difícil que era atacar esta aldea! Os monumentos, as paisaxes, cousas, saberes ou cantares que constrúen o noso pasado son patrimonio. Tes a sorte de poder pisar os mesmos lugares nos que aconteceron todas estas historias. Nunca esquezas respectar e protexer o que nos deixaron os nosos antepasados, para que poidamos seguir debuxando páxinas.





*datas aproximadas

BIBLIOGRAFÍA

GONZÁLEZ PÉREZ, Leonardo, *A Faguía de Carnés e o san Cristovo. 400 anos dunha festa*. Concello de Vimianzo (2013)

LEMA SUÀREZ, Xosé M. e MOUZO LAVANDEIRA, R. *O castelo de Vimianzo e os Moscoso de Altamira*. Deputación da Coruña, A Coruña (1998)

LEMA SUÀREZ, Xosé M. e REI LEMA, Xosé M. *A feira de Baio. O mercado máis antigo da Terra de Soneira*. Amigos de Monte Torán, Vimianzo (2007)

LEMA SUÀREZ, Xosé M. e VVAA, *A Terra de Soneira, no corazón da Costa da Morte*. Xerais, Vigo (2010)

RODRÍGUEZ PORTO Rosa M. e SÁNCHEZ AMEIJERAS Rocío. *“La escultura románica en la provincia de A Coruña” Enciclopedia del Románico en Galicia*, Fundación Santa María la Real, A Coruña (2013)






CONCELLO DE
VIMIANZO

